

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

Anuncio aprobación do padrón municipal da auga 3º período 2024

A empresa concesionaria do servizo elaborou os padróns da taxa de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, así como o importe correspondente á facturación do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondentes ao 3º período do 2024 (datas de lectura do 06 e o 20 de maio de 2024 ata o 06 e 20 de agosto de 2024), remitíndoos ao concello.

A tesoureira do concello (PD.R.A. 1024/2024 do 06/09/2024) Montserrat Rodríguez Patiño emitiu informe relativo aos mesmos no día de hoxe.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 102.3 Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e do artigo 21.1 f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o padrón da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche correspondente ao 3º período de 2024 (datas de lectura do 06 e o 20 de maio de 2024 ata o 06 e 20 de agosto de 2024) e por un total de 67.264,13 € co desglose que se indica a continuación:

SubTotal Auga	63.599,33 €
Total conservación	1.832,40 €
Total acometidas	1.832,40 €
Total Auga	67.264,13 €

SEGUNDO.- Aprobar o padrón da taxa polos servizos de saneamento e depuración de augas residuais correspondente ao 3º período de 2024 (datas de lectura do 06 e o 20 de maio de 2024 ata o 06 e 20 de agosto de 2024) por un total de 129.151,45 € (incluído canon da Auga da Xunta de Galicia) e co seguinte desglose:

Total sumidoiros	47456,35
Canon Saneamento	34238,75
Total depuración	47456,35
Total	129.151,45 €

TERCEIRO.- Comunicar, aos efectos do artigo 63.8 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, e do artigo 49.7 do Decreto 136/2012, que a facturación pola empresa concesionaria do servizo do canon da auga da Xunta de Galicia correspondente ao 3º período de 2024 foi de 34.238,75 euros.

CUARTO.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

QUINTO.- Contra as liquidacións das taxas municipais incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta.

SEXTO.- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses contados a partir do día seguinte ó da finalización da exposición pública. Transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargos de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

SÉTIMO.- Polo que respecta ao canon da auga da Xunta de Galicia, a falta de pagamento do mesmo no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico- administrativa ante o órgano económico- administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación do presente acordo no BOP.

A Laracha, 10 de setembro de 2024

O alcalde

José Manuel López Varela

2024/6334